*

PREMIO LUÍSA VILLALTA

a iniciativas normalizadoras
nas universidades galegas

II e III edicións (2005/2006)

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

*

Limiar 07

II Premio Luísa Villalta (2005)

Primeiro premio 11
Categoría Deseño dunha campaña de promoción da lingua galega

Segundo premio 21
Categoría Deseño dunha campaña de promoción da lingua galega

Terceiro premio 33
Categoría Deseño dunha campaña de promoción da lingua galega

Primeiro premio 49
Categoría Artigo xornalístico

Segundo premio 51
Categoría Artigo xornalístico

Anexo 1 55
Convocatoria do “II Premio Luísa Villalta”
a iniciativas normalizadoras nas universidades galegas

Anexo 2 61
Resolución do “II Premio Luísa Villalta”
a iniciativas normalizadoras nas universidades galegas

*

III Premio Luísa Villalta (2006)

Primeiro premio 67
Categoría Artigo xornalístico

Segundo premio 71
Categoría Artigo xornalístico

Terceiro premio 75
Categoría Artigo xornalístico

Anexo 1 79
Convocatoria do “III Premio Luísa Villalta”
a iniciativas normalizadoras nas universidades galegas

Anexo 2 85
Resolución do “III Premio Luísa Villalta”
a iniciativas normalizadoras nas universidades galegas

Limiar

A feliz idea que a anterior directora do Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña, Goretti Sanmartín Rei, tivo para impulsar o Premio Luísa Villalta a iniciativas normalizadoras na UDC adquiriu na segunda convocatoria do ano 2005 unha nova dimensión ao ser convocado polas tres universidades galegas conxuntamente. Isto permitiu que a el concorresen alumnas e alumnos destas institucións, co conseguinte enriquecemento de ideas e propostas a prol dunha eficaz normalización da lingua galega no ámbito universitario.

Aínda que o Servizo de Normalización Lingüística da UDC correu coa responsabilidade da convocatoria de 2005, como promotor do premio, no sucesivo tal responsabilidade irá rotando polos servizos correspondentes das universidades galegas, consolidándose desta forma o carácter interuniversitario do premio e reafirmando tamén o compromiso das tres universidades galegas por uniren esforzos na tarefa común de lle dar cada vez máis presenza á lingua galega no sistema universitario do país. As universidades queren, con esta e con outras iniciativas, colaborar de forma destacada co conxunto de institucións e con toda a sociedade galega no proxecto ilusionante de normalizar unha lingua que constitúe o máis importante patrimonio colectivo.

Xosé Ramón Freixeiro Mato
Director do Servizo de Normalización Lingüística da UDC

*

II PREMIO LUÍSA VILLALTA

a iniciativas normalizadoras nas universidades galegas

Ano 2005

1

Primeiro premio categoría
Deseño dunha campaña de promoción da lingua galega

(in)fórmate

Autoras: Sonia Mª Salceda Millarengo
Beariz Vilaverde Santamariña

Contexto

Séndomos conscientes da perda anual de estudantado nas universidades galegas e da chegada cada vez máis numerosa de estudantado de fóra de Galiza, nomeadamente bolseiros e bolseiras Erasmus-Séneca, propoñemos levar a cabo medidas de actuación neste colectivo (como obxectivo principal, pois este é mais numeroso do que o do profesorado foráneo, mais tamén este se debe ter en conta nos obxectivos da nosa campaña).

O uso do galego dentro das universidades é moi escaso. Datos dramáticos son ofrecidos no recente estudo *O galego na Universidade da Coruña* do profesor Álvarez Sousa onde se tiran conclusións tan desfavorábeis como que só arredor dun 9% de profesorado emprega nas súas aulas o noso idioma. A chegada de novos axentes foráneos ás universidades galegas poden levar a unha maior diminución deste uso, xa que estes, ao non teren

coñecemento da existencia de dúas linguas e descoñeceren o idioma galego, poden provocar o cambio lingüístico cara ao castelán tanto entre o profesorado coma entre o alumnado.

Para combatermos esta situación propoñemos unha serie de medidas dirixidas sobre todo a incidir na (in)formación acerca da situación sociolingüística galega e a aprendizaxe do noso idioma por medio de cursos e actividades destinados ao colectivo non galego. Dentro destas actividades tentarase relacionar a lingua e cultura galegas coa lingua e cultura portuguesas aproveitando a candidatura da tradición oral galego-portuguesa a *Obra-Prima do Patrimonio Oral e Inmaterial* da Unesco.

A nosa proposta ofrece tanto actividades novas e orixinais como recolle ideas xa existentes. Baixo o noso parecer o problema que expoñemos é común a todas as universidades galegas e deberíanse debater e propoñer medidas conxuntas para todas elas.

Dirixido a

Esta campaña está dirixida aos membros da comunidade universitaria da Galiza que carezan de competencia lingüística en galego, principalmente o alumnado e o profesorado de fóra de Galiza. Así, poderiamos incluír como principais protagonistas desta campaña os/as bolseiros/as Erasmus - Séneca, os lectorados...

Porén, varias das actividades que se propoñen deben facerse extensivas a toda a comunidade universitaria, por non presentaren un carácter específico e mesmo por ser máis que recomendábel a interacción entre os actantes galegos e os actantes foráneos.

Recursos

Debemos aproveitar os recursos e os servizos propios das universidades. As actividades pódense desenvolver dentro de espazos proporcionados polos centros universitarios e buscar a experiencia e a colaboración doutros servizos (como, por exemplo, o Centro de Linguas para a realización dos cursos de lingua, ou como o SAPE na UDC que realiza viaxes como as que nós propoñemos).

Seguindo coa idea de aproveitarmos os recursos, recollemos a idea da Intergal (www.intergalcome.uvigo.es/index2.html), onde se oferta toda unha serie de información sobre a historia, a cultura, a lingua e a situación sociolingüística de Galiza destinada ao alumnado non galego) para tentar ampliala o máis posíbel tendo como referencia a páxina dedicada á lingua e cultura catalás Ling-cat (www.intercat.gencat.es/lingcat/index1024.htm)

Cremos na necesidade de ampliar os contidos desta páxina e achegarmos algunha novidade como a do curso de lingua, literatura e cultura en liña dependente das universidades, con achegas de vocabularios terminolóxicos específicos para cada titulación e adaptados ás necesidades propias deste colectivo –para isto aproveitaranse os recursos xa existentes: por exemplo, o *Buscatermos* da USC, os vocabularios terminolóxicos en liña como o *Dicionario galego da construción*, os vocabularios *Profesionaliza a túa lingua* da UDC-. Na elaboración desta páxina deberían participar as tres universidades galegas e en todas as páxinas web destas deben aparecer ligazóns a ela.

Para anunciar as actividades propostas utilizaranse as páxinas web das universidades e cartaces e trípticos distribuídos polas facultades e centros universitarios.

Obxectivos xerais

Estabelecer un uso normalizado oral e escrito do galego dentro da comunidade universitaria.

Crear contextos de uso do galego dentro da universidade.

Asociar a lingua galega a unha mellor calidade formativa.

Obxectivos específicos

Ofertar formación en lingua, literatura e cultura galegas para o colectivo universitario non galego.

Promover actividades que dean a coñecer a realidade (socio)lingüística e cultural de Galiza e Norte de Portugal.

Involucrar no proceso de normalización lingüística, na medida do posíbel, os membros do colectivo foráneo.

Actividades específicas para o colectivo non galego

1 *Curso de lingua, literatura e cultura galegas non presencial* na páxina web anteriormente citada (ver Recursos).

2 Curso presencial de *lingua, literatura e cultura galegas*.

3 Sesións de *tertulia-café*.
Unha vez realizado un dos cursos anteriores crearanse estas sesións para ter a posibilidade de seguir practicando o idioma, ou sexa, para ter un novo contexto de uso real do galego dentro da universidade con relativa periodicidade e moderado por un/unha profesional.

* Pódese valorar a posibilidade de ofertar créditos de libre configuración ou algún estímulo semellante para fomentar a participación, como é o caso da Universidade de Santiago de Compostela, onde se ofertan pola realización do curso cinco créditos de libre configuración.

Actividades xerais para todo o colectivo universitario

1 *Viaxes de tipo cultural, etnográfico e paisaxístico pola xeografía galega*.
O contexto organizativo debe estar completamente galeguizado: persoal cualificado competente lingüisticamente en galego, material que se vai utilizar integramente en galego... para que estas viaxes se convertan nun contexto de uso pleno para o galego. Aínda que a realización deste tipo de viaxes non é nova, posto que hai servizos que as ofertan, a diferenza estaría na total utilización do galego de maneira consciente e intencionada. Para favorecer a escolla destes servizos débense buscar alicientes como a redución no prezo e a mellora na calidade do servizo.

2 *Obradoiros de cociña galega relacionada coa nosa literatura*.
Nestes obradoiros preténdese, desde unha perspectiva lúdica, asociar textos da literatura galega coa cociña tradicional e moderna do noso país. Por exemplo, tomando o texto de Otero Pedraio “Oda ao xamón” este día elaboraríanse receitas que tivesen o xamón como principal ingrediente.

3 *Obradoiros de música galega e concertos*.
O obxectivo nestes obradoiros debe ser dar a coñecer a nosa música, tanto

a tradicional -cos seus instrumentos propios- como a actual, e promocionala mediante concertos de grupos galegos (e que canten na nosa lingua) en todos os campus.

4 *Sesións de cinema (en) galego e (en) portugués*.
Estas sesións estarían destinadas a dar a coñecer outra faceta máis da cultura e da lingua galega e portuguesa.

5 *Sesións de tradición oral galego-portuguesa*.
Na actualidade existe a posibilidade de que a tradición oral galego-portuguesa obteña o galardón da Unesco *Obra-Prima do Patrimonio Oral e Inmaterial*, marcando un fito xa que se premia por primeira vez unha tradición cultural interestatal. A Universidade de Vigo xa está presente como entidade colaboradora, mais pensamos que deberían ser todas as universidades galegas quen apoiasen esta proclamación. Por isto deberíanse propoñer actividades culturais que reflectisen estas formas de expresión tradicionais, alén de asociar a lingua galega á lingua portuguesa.

Periodización

As actividades que se propoñen débense realizar ao longo do curso académico: O curso de lingua, literatura e cultura galega estaría programado a comezos do curso académico. A páxina web tamén debería estar en funcionamento desde o comezo.

Unha vez finalizados comezarían as sesións de tertulia-café para os/as que quixeren participar.

As viaxes, as sesións e os obradoiros realizaríanse ao longo do curso, podendo intercalarse cada dúas semanas.

Quen

As tres universidades galegas, representadas polos servizos e áreas de normalización lingüística.

Nas sesións de tradición oral galego-portuguesa pódese pedir a colaboración da asociación “Ponte nas ondas”.

Dirección Xeral de Política Lingüística.

Orzamento

Ofrecemos os custos económicos aproximados. Non posuímos datos orzamentarios de todas as actividades e nestes casos damos unha aproximación no noso parecer dos custos reais das actividades.

Curso de lingua, literatura e cultura galegas.
Dependería das horas de duración, mais ofrecemos o cálculo sobre cursos semellantes de 75 horas.

3.100 euros

Creación de páxina web e curso en liña.
O custo aproximado que ofrecemos responde aos honorarios dun profesional en deseño de páxinas web. Aquí poderíase ofrecer a elaboración deste traballo como proxecto fin de carreira nalgunha das titulacións de Informática e custeala por medio de bolsas.

5.000 - 6.000 euros.

Sesións de tertulia-café.
Para unha asistencia de 20 persoas calculamos un custo aproximado entre o pagamento ao/á moderador/a (30 euros aprox.) e gastos de cafetaría:

60 euros

Viaxes.
Nesta epígrafe os gastos varían segundo o carácter da viaxe, o número de asistentes etc. Damos como exemplo un orzamento para unha viaxe de carácter cultural-paisaxístico.

Fin de semana nos Ancares:

	Custo unidade	Unidades	Total
Primeiro día, sábado:			
Aloxamento no albergue do Club Ancares	6 €	40 €	240 €
Comida de campo	3 €	40 €	120 €
Cea no albergue do Club Ancares	9 €	40 €	360 €
Segundo día, domingo:			
Almorzo	3 €	40 €	120 €
Comida de campo	3 €	40 €	120 €
Folleto presentación rutas	5 €	40 €	200 €
2 biólogos monitores	150 €	4 €	600 €
Transporte	556 €	1 €	556 €
Gastos de organización	120 €	1 €	120 €
		Suma	2.436 €
		I.V.E	390 €
		Total	**2.826 €**

Obradoiro de cociña.
Non posuímos datos concretos, mais ofrecemos o cálculo para un obradoiro de 20h de duración e asistencia de 20 persoas.

1.200 euros

O obradoiro de música galega tamén dependería do tempo de duración. Facemos o cálculo aproximado segundo 20 h de duración.

800 euros

Os concertos varían o seu prezo segundo os grupos ou artistas seleccionados.

Para as sesións de cinema non podemos dar un custo aproximado, mais podemos ofrecer o nome dunha empresa especialista neste tipo de actividade coa que non puidemos contactar antes da entrega deste proxecto de campaña: Mister. Misto.

Para as sesións de tradición oral, como tamén varía moito do tipo de actuación e do número de colaboradores ofrecemos un cálculo aproximado do custo dunha actuación dunha persoa.

100 euros

Os anuncios destas actividades faranse na páxina web, sen custo adicional, e en soporte papel. Precisariamos dous cartaces e cincuenta trípticos como mínimo por facultade. Ofrecemos o custo individual dos cartaces e dos trípticos.

Cartaces	1 unidade	0,60 €	70 x 50 cm a cor
Trípticos	1 unidade	0,16 €	A4 a cor

Avaliación

Para a realización desta campaña pódese facer primeiramente unha avaliación inicial que indague sobre a demanda posíbel dos cursos e das actividades propostas anteriormente para constatar a conveniencia da súa realización.

Propoñemos tamén unha avaliación final de cada actividade que se realizará, por exemplo, con cuestionarios valorativos para obter as opinións individuais dos/as usuarios/as. Tamén se deberán ter en conta a participación, o número de visitas á páxina web etc, para valorar a posibilidade de repetir a campaña en cursos vindeiros.

2

Segundo premio categoría
Deseño dunha campaña de promoción da lingua galega

Aprende a circular en galego

Campaña de dinamización lingüística
para o fomento do galego nas autoescolas

Autora: Sandra Villar Giner

Descrición da situación actual

O uso do galego nas autoescolas reflicte moi ben a situación diglósica que se dá na propia sociedade: en principio poderiamos pensar que é un ámbito normalizado, pois existe a posibilidade de facermos os exames, tanto o teórico como o práctico, na nosa propia lingua[1]. En realidade, o feito que se vén repetindo é que o galego é a lingua habitual de moito do alumnado e dun grande número das profesoras e profesores das autoescolas, mais a falta dun léxico técnico e dunha formación en galego impide ao profesorado destes centros poder impartir as clases en lingua galega; o máis que pode chegar a darse é unha interacción en galego empregando ter-

mos casteláns. Existen xa algunhas propostas de vocabulario, levadas a cabo por alumnado da Universidade de Vigo[2], que están pensadas para seren dirixidas a este ámbito, mais, por algún motivo que descoñezo, non gozan da máis mínima difusión.

Outra limitación, esta vez para a outra parte interesada, é a falta dun manual escrito en galego. Non existe ningunha tradución do código de condución ao noso idioma, por tanto, as alumnas e os alumnos, amósanse reticentes a se examinaren na súa lingua, pois, dado o carácter pechado e repetitivo que teñen as probas de conducir e despois de meses de preparación en castelán, teñen medo de suspender por unha cuestión de confusión na terminoloxía.

1. Non existe ningún tipo de orde ou decreto da Administración xeral do Estado que aprobe o emprego do galego nos exames teóricos, non obstante, en virtude da Lei de normalización lingüística, pódese solicitar a realización do exame en galego na Xefatura Provincial da DXT que corresponda.

2. González Rama, R. (2003): Estudio e proposta de traducción (francés - galego) dun glosario de innovacións automobilísticas, Proxecto de fin de carreira, Facultade de Filoloxía e Tradución, Universidade de Vigo. [Inédito]. Riveiro Collazo, C.M. (1999) Glosario de termos da mecánica do automóbil en francés, galego, castelán, Proxecto de fin de carreira, Facultade de Filoloxía e Tradución, Universidade de Vigo [Inédito].

Obxectivos

O que persegue esta proposta é facer visible o galego nun ámbito que, en realidade, xa está a ocupar, mais nunha situación de clara diglosia e de deturpación pola continua contaminación léxica do castelán.

O obxectivo final é facermos realmente factible esa posibilidade que existe de realizar os exames en galego e permitirmos aos alumnos galegofalantes teren os mesmos dereitos que xa conquistaron no Estado español outras minorías lingüísticas, como a catalá, e mesmo outras de carácter máis recente: como as comunidades de inmigrantes ingleses ou chineses

(no caso dos primeiros teñen clases e manual en inglés, os segundos aínda non teñen unha tradución do código, mais teñen horarios específicos nos que se imparten as aulas con tradución simultánea das explicacións ao seu idioma); ou incluso outras minorías como a comunidade xorda (pois xa hai autoescolas na nosa comunidade que incorporan á súa oferta clases con tradución simultánea á lingua de signos).

Como vemos, o gremio das autoescolas parece aberto á incorporación das minorías lingüísticas, mais precisa percibir antes unha demanda deses servizos.

O labor da campaña é conseguir facer visible esta demanda para que, dentro das varias clases teóricas que se imparten nunha autoescola diariamente, cando menos un dos horarios estea dedicado no noso país a impartir esas clases en galego.

Nas clases prácticas, dado o seu carácter individual e tendo en conta que as autoescolas son empresas privadas, a interacción debería vir dada xa pola propia lingua empregada pola clientela, é dicir, sempre deberá ser o empresario quen adaptar os seus usos lingüísticos ás necesidades do cliente, se a situación así o esixir.

Dirixido a

1 Profesorado das autoescolas galegas e funcionariado da DXT.

2 Alumnado, especialmente a mocidade, que acode a estas empresas para preparar os exames de conducir.

Actuacións

Implicar as xefaturas provinciais da DXT e a Dirección Xeral de Política Lingüística como entidades encargadas de difundir o uso do idioma neste ámbito (dado que estas competencias dependen da comunidade autónoma e non da Administración xeral do Estado).

Conseguir facer efectivo o dereito lingüístico de termos acceso á formación viaria en lingua galega. Mediante:

1. Tradución dun manual para preparar o exame do carné B1. (Elíxese este porque é o que pode ter unha maior incidencia na franxa de idade que interesa principalmente á campaña).

2. Traducións dos tests para a preparación do exame.

3. Creación dun espazo na páxina web da DXT onde poidan ser colgados eses tests en galego á par dos tests en castelán e onde se poida recibir información en galego sobre os exames de conducir[3].

4. Edición de vocabularios especializados dirixidos ao profesorado das autoescolas e aos examinadores da DXT[4].

5. Creación de obradoiros de formación para que todos os mestres e examinadores que desenvolven o seu traballo no noso país adquiran o léxico necesario para impartiren as aulas en galego e poidan examinar e corrixir as probas pertinentes en lingua galega.

3. O marco de que partimos parece ser o adecuado, pois a DXT xa aprobou o uso do galego na súa páxina web en xullo de 2004, aínda que ata agora non se fixo efectivo. (Véxanse os anexos 1 e 2).

4. Dado que xa existen léxicos especializados dirixidos a este colectivo laboral sería unha perda de tempo e de recursos económicos a creación de léxicos do mesmo tipo, polo que a mellor opción sería editar os que xa existen ou unha selección actualizada destes.

6. Deseño, edición e distribución de pósteres que as autoescolas e as delegacións provinciais da DXT poidan colgar nas súas instalacións dando información sobre o uso do galego na formación viaria.

7. Deseño, edición e distribución de adhesivos para os automóbiles (tanto das autoescolas como dos seus alumnos) que sirvan para facer publicidade do uso da nosa lingua[5].

5. Véxase a proposta de deseño no anexo 3.

Actuacións complementarias

8. Cabe a posibilidade de ampliarmos a campaña, mediante a publicación de manuais para outro tipo de carnés de carácter máis especializado.

9. Hai posibilidade de vincularmos á campaña outros sectores económicos relacionados cos automóbiles, como poden ser as compañías aseguradoras, os talleres mecánicos, os concesionarios, os psicotécnicos etc.

10. Existe tamén a posibilidade de empregarmos outros medios de difusión para facermos publicidade da campaña (radio, televisión, valos da beiravía...).

Temporalización da campaña

A campaña está pensada para ser posta en práctica ao longo dun ano, un primeiro período, de dous a tres meses, de preparación dos materiais; un segundo, de dous ou tres meses, de obradoiros e, por último, despois da

presentación desta, un período de medio ano tras o cal tomariamos as primeiras medicións da súa repercusión social.

Primeira fase: Preparación dos léxicos e traducións necesarios para a campaña.

Segunda fase: Formación dos mestres de autoescolas e dos examinadores da DXT.

Terceira fase: Presentación da campaña nos medios de comunicación e publicidade mediante pósteres nas propias autoescolas e adhesivos para os automóbiles cun lema que convide ao emprego da nosa lingua.

Cuarta fase: conseguir a participación dos mestres e examinadores como axentes normalizadores activos, para o cal é esencial tamén a dotación ás autoescolas e á DXT do material necesario:

A. Algunhas autoescolas inclúen nos seus paquetes o manual e un libro de prácticas de exercicios tipo test, polo que é imprescindible ofrecerlles a posibilidade de dar ao alumnado a opción de escoller se queren ter este material en lingua galega.

Non creo que a publicación destes manuais para uso do alumnado deba correr da nosa conta, pois as autoescolas cobran por eles entre 6 e 12 euros. Creo que o noso labor neste ámbito debe ser a súa tradución e a negociación con empresas editoriais especializadas que se comprometan á súa edición e distribución a un prezo competitivo.

Porén, deberemos dotar as autoescolas de modelos de tests suficientes para que calquera alumno que decida realizar a súa formación en lingua galega poida sentirse preparado para acadar resultados satisfactorios nas probas teóricas.

B. Internet pode ser outra ferramenta de acceso a estes materiais: mediante a habilitación dunha páxina web desde a que poidamos ter acceso a estes tests e a unha corrección electrónica destes.

Outra opción que ofrecería unha páxina web é a posibilidade de colocarmos nela os léxicos e incluso o manual en formato PDF.

Internet semella unha boa opción dado que o seu uso está cada vez máis estendido, especialmente na xente nova, e os custos que supón unha acción deste tipo a longo prazo son moi reducidos.

Quinta fase: A campaña céntrase no carné B1, que é o que tira un maior número de persoas, mais creo que, se a campaña gozar de aceptación entre o gremio e entre o alumnado, podería facerse o mesmo co resto dos carnés. Para coñecermos se isto é así tomaremos como indicadores de resultados tres elementos:

I. O aumento das solicitudes de clases e exames en galego.
II. O número de autoescolas que se suman a impartiren clases en galego.
III. A implicación da DXT, desde as súas delegacións provinciais, para garantir e fomentar o uso da nosa lingua.

Persoas implicadas e persoas a que implica

Implica todas aquelas persoas que participan no proceso de consecución do carné de conducir. É especialmente interesante a implicación dos mestres como axentes normalizadores, porque: se eles integraren o galego como unha opción lingüística máis, superando os prexuízos que poidan ter á hora de empregala nas súas clases, a normalidade das aulas estará case garantida.

Sobra dicir que o alumnado é o principal obxectivo da campaña, pois hai un tanto por cento moi elevado de xente nova que se presenta a este tipo de probas e, tendo en conta que nesta franxa da poboación é na que se están a perder máis falantes, creo que todas as políticas que se centraren

en facilitar á xente destas idades o emprego do galego en calquera ámbito da súa vida son moi adecuadas.

Na miña opinión, a campaña debería ir encamiñada non só a fomentar o emprego do galego senón a facilitalo, principalmente mediante dúas vías: a primeira sería dar a coñecer as posibilidades de facer uso dos seus dereitos lingüísticos tamén neste ámbito, para o que empregaremos os pósteres informativos, e a segunda, facilitar este labor proporcionando todo o material que puidesen necesitar.

Estimación orzamentaria para o desenvolvemento da campaña

Publicación de léxicos e tests para as autoesecolas
(600 unidades de cada):

Léxicos (2 trípticos A4, 1/1 tintas): **200 euros**
Tests (25 tests A4, 4/4 tintas, papel estucado): **1.200 euros**

Edición de material gráfico publicitario:

Pósteres a cor (din A3, 600 unidades, papel estucado): **250 euros**
Adhesivos a 1 tinta (2.000 unidades): **300 euros**

Obradoiros para mestres de autoescolas e examinadores da DXT:

10 obradoiros de 8 horas de duración repartidas en catro sesións de 2 horas: **2.000 euros**

Tradución do manual e dos tests: **1.000 euros**

Creación dunha páxina web con material multimedia: **800 euros**

Anexo 1: nota de prensa da DXT do 19 de xullo de 2004 anunciando a posibilidade de descargar os impresos para trámites en todas as linguas de estado español desde a páxina web www.dgt.es

MINISTERIO
DEL INTERIOR

DIRECCIÓN GENERAL
DE TRÁFICO

Nota de prensa

www.dgt.es

Nueva página web de la Dirección General de Tráfico

- **Permite la descarga de impresos para trámites**

19 de julio de 2004.- Mañana entra en funcionamiento la nueva página web de la Dirección General de Tráfico (www.dgt.es), con el principal objetivo de mejorar la información al ciudadano en todas las competencias gestionadas por el Organismo.
La nueva página web, con un diseño innovador y un gran abanico de contenidos y servicios, se enmarca en las políticas públicas de presencia de la Administración en Internet, con vocación decidida de acercarse a los ciudadanos.
Se han analizado y valorado muchos contenidos con relevancia para los ciudadanos, procurando que tanto a nivel estético como de fondo la información sea útil, esté bien presentada y sea lo más accesible posible.

Consta de seis grandes bloques temáticos de información en la web:
• INFORMACIÓN DEL TRÁFICO: Recoge el estado de la circulación en las carreteras e incidencias meteorológicas o de cualquier tipo que puedan afectar, recomendaciones para los próximos días, itinerarios aconsejables y tiempos de recorrido.
• TRÁMITES: La principal innovación es la posibilidad de descarga desde la web de los diferentes modelos de impresos oficiales, disponibles en formato electrónico, bilingüe en castellano y catalán, euskera, gallego y valenciano, para realizar los trámites; lo que permite que los ciudadanos lleguen a las Jefaturas Provinciales con los impresos necesarios con el correspondiente ahorro de esperas. Además en esta sección se detalla la documentación necesaria para realizar cada uno de los trámites, como matriculaciones, transferencias y bajas de vehículos; expedición, renovación y canje de permisos para conducir; información sobre pago de multas y escritos de alegaciones y recursos; y autorizaciones complementarias para transportes especiales.

GABINETE DE PRENSA
julioeg@dgt.es

Esta información puede ser usada en parte o en su integridad sin necesidad de citar fuentes

C/JOSEFA VALCARCEL 28
28071 - MADRID
TEL: 91 301 85 15 / 85 14

www.la-moncloa.es / www.mir.es / www.dgt.es

Anexo 1, fig. 2

MINISTERIO
DEL INTERIOR

DIRECCIÓN GENERAL
DE TRÁFICO

• DGT INFORMA: En esta sección se pueden encontrar las notas de prensa, campañas de divulgación en emisión, acceso a la revista Tráfico, información sobre congresos y seminarios, la normativa sobre tráfico y consejos sobre seguridad vial
• AULA: Incluye los cuestionarios interactivos que se utilizan en los exámenes para obtener permisos y licencias para conducir turismos, motocicletas y ciclomotores; y el Portal de Educación Vial
• SERVICIOS: Informa sobre publicaciones, estadísticas (accidentalidad, matriculaciones), ofertas de empleo público, convocatoria de concursos y subastas parta contratación de servicios, cursos para profesores y directores de autoescuelas y biblioteca.
• DGT: Ofrece una breve historia del Organismo, así como sus funciones y el organigrama.

AUDIENCIA EN TRÁFICO
julioeg@dgt.es

Esta información puede ser usada en parte o en su integridad sin necesidad de citar fuentes

C/JOSEFA VALCARCEL 28
28071 - MADRID
TEL: 91 201 83 15 / 83 14

www.la-moncloa.es / www.mir.es / www.dgt.es

Anexo 2: imaxe da páxina web da DXT en setembro de 2005
http://www.dgt.es/indices/dgtHtm_Impresos_es.html)





Anexo 3: proposta de deseños para adhesivos e publicidade





3

Terceiro premio categoría
Deseño dunha campaña de promoción da lingua galega

Os teus contos mellor en galego

Autora: Patricia Comesaña Comesaña

Situación de partida

Na actualidade non existe ningunha liña de actuación que aglutine as tratexias de fomento da lingua galega no Sistema Universitario de Galicia.

Carece dun posicionamento que faga facilmente identificable na mente dos estudantes galegos os motivos para o uso habitual e defensa da nosa lingua natal.

Partindo desta situación queremos propoñer unha nova filosofía de comunicación. Unha comunicación co estudante a través de material gráfico e actividades para a promoción da lingua.

É necesario polo tanto partir dun novo estilo de deseño, moderno e innovador que afaste o galego da visión de anticuado e obsoleto que a xuventude ten da súa lingua; "a lingua dos seus avós". Trátase de darlle unha personalidade propia rexuvenecida que lle dea capacidade para se afastar dos prexuízos aos que vén sendo sometida desde os tempos da ditadura.

Ao longo deste documento explicaremos pormenorizadamente esta nova filosofía que apuntabamos nas liñas anteriores, así como as características do novo deseño e das actividades que se van desenvolver.

Antecedentes

Na actualidade, Galicia é unha comunidade autónoma en que o 90% dos seus universitarios declara que a súa lingua materna é o galego e que é capaz de entendela sen dificultades; e un 51% fálao con frecuencia. Por outra banda, un 92 % do profesorado e un 83% dos PAS confirman que entenden moi ben o galego. Non obstante, contradicindo estes datos, a realidade demostra que non está en desuso o castelán nas aulas das universidades galegas, xa que só un 30% dos docentes imparte as súas materias en galego.

Destes datos dedúcense dúas realidades claras:

Aínda que nas universidades se pode seleccionar entre o uso de galego e do castelán en realidade, o máis empregado é a lingua do Estado.

Maioritariamente a lingua que se emprega para impartir as clases é o castelán.

Respecto da defensa da lingua por parte do estamento educativo, as tres universidades galegas recoñecen nos seus estatutos o galego coma lingua

propia e recollen o compromiso de promover nesta institución accións que contribúan á normalización e dinamización da lingua galega ademais do dereito que teñen os membros desta comunidade a falar en galego en ámbitos formais e informais así como de elixir o idioma que empregarán no seu ámbito con independencia do idioma que elixa o profesor.

Por último, o compromiso das universidades coa reivindicación da lingua debe ter unha dupla dimensión:

Polos diferentes campos da cultura que comprende.

Pola súa condición de referente social de prestixio.

Obxectivos

Existen algúns obxectivos indiscutibles como:

Realizar unha comunicación eficaz ao tempo que sinxela e directa sobre o emprego do galego.

Conseguir e consolidar unha estratexia comunicativa da universidade en todas as súas publicacións, inserciónns e patrocinios cunha visión nova, fresca e divertida que conecte co público xove.

Mais como obxectivo fundamental:

Acadar que os estudantes universitarios se identifiquen e empreguen a lingua territorial para que deste modo se percaten da grande importancia e satisfacción que lles achega o emprego e defensa do uso do galego.

Por último, a pesar de que os anteriores son os obxectivos primordiais que pre-

tendemos acadar, hai un último obxectivo ao que queremos prestarlle atención: Dar a coñecer o galego a aqueles estudantes extranxeiros (españois ou foráneos) que decidiron formarse nas nosas universidades, e que deste xeito se interesen por aprendelo e empregalo na súa actividade académica.

Que os estudantes extranxeiros coñezan a riqueza léxica e histórica do galego e de Galicia como un complemento máis da bagaxe cultural que van acadar nas universidades galegas.

Destinatarios

O público obxectivo está formado por todos os estudantes galegos (ou non) dalgunha das tres universidades de Galicia e intentarase non só implicar o uso da lingua galega en actividades académicas senón en estendelo ao ámbito do ocio, do deporte, das relacións persoais de todos e todas.

Os profesores son tamén parte dese público obxectivo, á hora de incentivar o uso e extensión do galego no momento de impartir as materias.

O PAS, xeneralizando o emprego do galego a modo de carta de presentación das universidades con aqueles cidadáns que se achegan a coñecelas ou a demandar información.

A quen nos dirixiremos?

A todos os alumnos galegos inscritos nalghuna das tres universidades galegas: amosarlles que ofrecemos unha cultura para todos. Lograr que se

identifiquen coa lingua galega, e que a empreguen nas súas conversas diarias.

Aos alumnos de outras comunidades ou países matriculados nalgunha universidade galega: presentar a cultura galega como unha bagaxe cultural extra aos seus estudos.

Aos profesores e PAS: primeiros transmisores do galego aos alumnos.

A través de quen?

De material gráfico. De novas tecnoloxías. De múltiples actividades:

Que desperten o interese dos universitarios polas propostas que deseñe o Servizo de Normalización Lingüística.

Orzamento

Sen saber que actividades se van levar a cabo, é difícil realizar unha estimación orzamentaria para a campaña de promoción da lingua galega.

En principio, a campaña gráfica supón un desembolso económico alto debido ás distintas pezas que se van realizar. Os custos de produción e impresión roldan os 3.000 euros, (divididos entre creatividade gráfica, impresión de carteis, dípticos, marcapáxinas,…).

Por outra banda, as proxeccións de películas, debates, coloquios,... non

deberían supoñer ningún gasto, xa que partimos da participación desinteresada de todas as persoas participantes. Respecto aos grupos de música, todo depende do que eles cobren por actuar.

Nos dous obradoiros que propuxemos, non suporían, cremos, ningún custo xa que os alumnos interesados pagarían as taxas polo curso.

Respecto ás actividades do "libro viaxeiro" suporían un gasto elevado xa que, dependendo dos libros que se fosen empregar nos intercambios, sumaría a cantidade final. Polo que investigamos, cada libro roldaría os 6 euros de gasto. Esta cantidade multiplicaríase polo número de facultades existentes.

Campaña

Para acadar os obxectivo que marcamos, é fundamental conseguir posicionarse na mente dos cidadáns. Chegar a eles através dun eslogan que sintetice claramente o concepto que desexamos transmitir.

Para posicionarnos debemos fundamentarnos nunha idea básica, clara e concisa.

Esta idea ten que destacar un valor social, unha característica que faga atraente para a xuventude o emprego do galego. Son muitos os valores que poderíamos mencionar, mais para posicionarnos destacaremos tres:

Ler en galego: fomento da lectura de textos escritos en galego ou cunha temática relacionada coa historia ou coa cultura galega.

Falar en galego: o uso da lingua propia de Galicia en todos os ámbitos e circunstancias.

Escoitar galego: fomento da cultura audiovisual galega a través da radio, televisión, música, cine, ou de calquera outra actividade realizada en galego.

NOTA: pódese pensar que nos esquecemos do galego escrito, mais se temos en conta que un dos nosos valores é "ler en galego" dedúcese que se len libros ou textos escritos en lingua galega.

Valor: lectura

Que ollos máis grandes tes! Son para lerte mellor

Baseado na animación á lectura en galego

Galego

Poñer ao alcance dos estudantes textos escritos en galego.
Inculcar aos estudantes o hábito da lectura/escritura
de textos en galego.

Para lerte mellor!

Valor: escoitar

Que orellas máis grandes tes! Son para escoitarte mellor

Baseado na extensa oferta audiovisual e de ocio que emprega o galego (radio, televisión...)

Galego

Presentar ao maior número de persoas unha ampla gama
de oferta cultural e ocio en galego.
Estender o galego a todas as artes.

Para escoitarte mellor!

Valor: falar

Que lingua máis grande tes! E para falarche mellor

Galego

Transmitir ao universitario a importancia do emprego
do galego nas conversas.
Valorar a grandeza da lingua galega como única
e inimitable no mundo.

Para escoitarte mellor!

Valor: lingua cotiá

Para os teus contos emprega o galego

Este concepto únese aos valores anteriores. Incorporarase todas as pezas como eslogan ou idea xenérica.

Elementos da campaña gráfica

O material gráfico para esta campaña será o típico de calquera outra. Como exemplo cómpre dicir que deseñamos algún tipo de cartel, díptico ou tríptico, pegatinas, marcapáxinas,... Serán chamativos e impactantes para que sexan percibidos facilmente polo noso público obxectivo.

Procurarase que estean colocados nun lugar accesible e de fácil visibilidade para os estudantes; a biblioteca, a cafetaría, as estanterías de Postal Free son lugares idóneos para colocalos.

Esta sería a liña para seguirmos na campaña gráfica

Marcapáxinas

Cartel anunciador e tríptico

Actividades de dinamización do galego

Faranse *charlas*, *exposicións* dos textos e a arte máis relevantes da nosa lingua, ponencias... todas cordinadas pola Mesa de Normalización Linguística. Intentarase buscar protagonistas da cultura galega nas distintas áreas sociais que se desenvolvan nas facultades, ou incluso aproveitar a presentación dalgún libro escrito en galego para facelo nelas e así achegar as publicacións galegas aos alumnos e profesores.

Outra posibilidade é a de facer *presentacións de grupos musicais galegos* nas instalacións universitarias ou nas festas dos patróns das distintas facultades. Deste modo dámoslle un recoñecemento ao labor destes grupos.

Seguindo esta liña, tamén aconsellamos facer *presentacións de películas* de cine feitas en Galicia, nas facultades, onde tanto o director coma os actores galegos veñan á proxección desta e poidan dialogar cos alumnos. Deste xeito dariámoslle máis prestixio e recoñecemento ao cine feito na terra, e que na actualidade ten pouca presenza nas salas de cine. Mostrar a calidade destes traballos para que nun futuro o cine galego acade unha audiencia fiel ás súas producións. A proxección de filmes feitos en galego, ou cun contido cultural da nosa terra poden ser tanto actuais coma antigas.

Nesta mesma dirección, cremos que sería moi interesante e chamativo (en caso de poder levarse a cabo), ofertar *obradoiros de teatro escrito/representado en galego ou obradoiros de cursos de dobraxe ao galego*. Cabe destacar que no sector da dobraxe en galego cada día se está requirindo máis xente preparada. Cremos que facendo este tipo de obradoiros moitas persoas se poden animar a participar e a coñecer o gusto de falar habitualmente en galego.

“O libro viaxeiro”

Poñeremos en práctica unha actividade novidosa para desenvolver entre as tres universidades, os distintos campus e cada unha das facultades interrelacionando así toda a comunidade universitaria galega. Trátase de escribir historias entre os distintos estamentos que conforman a rede universitaria. En cada facultade depositarase un libro en branco en que só figurarán as normas para o seu emprego e o inicio dunha historia que as persoas que o desexen poidan seguir. Trátase de que cada un achegue o seu gran para escribir unha historia exclusivamente en galego. Este libro pode saír e entrar en calquera das facultades galegas a través do transporte persoal. Calquera destes libros pode comezar nunha facultade e acabar noutra calquera de Galicia sen que sexa propiedade exclusiva de facultade de onde partiu inicialmente. Trátase de que os libros viaxen entre as distintas universidades e facultades para que todos poidan formar parte das narracións que se van escribindo diariamente. Os libros poden aparecer ou deixarse en calquera lugar dalgún dos campus. Coa boa fe de todos podemos chegar a acadar verdadeiras obras de arte escritas na nosa lingua. Ao final, pode caber a opción de que todas estas historias sexan publicadas para potenciar a lingua galega como lingua en que publicar.

A técnica que se pode empregar vai dende o emprego do cadáver exquisito ata a mesma continuación da historia, o método fantasioso ou biográfico; o que cada cal considere oportuno. Para non aborrecer a xente recomendariamos que cada libro tratase un estilo distinto: humor, novela de aventuras, amor, anecdotario (dos alumnos-profesores/PAS-familia-avós...), refraneiro, poesía, debuxos... Cada persoa poderá deixar patente o seu nome ou ben asinar como anónimo.

Outra variante desta actividade sería o “Cross Booking” de libros en galego sempre dentro das instalacións das universidades galegas. Para indicar o lugar ou pistas onde cada persoa deposita un libro empregaríanse as webs do Servizo de Normalización Lingüística.

Temporalización

A campaña está formulada para levar a cabo durante todo o ano académico 2005/2006 nun principio, xa que de acadar os obxectivos desexados pódense repetir en vindeiros cursos. As accións que expuxemos realizaranse paulatinamente, unha tras doutra. A nosa intención é realizar unha maior presenza nos primeiros meses do curso empregando principalmente o material gráfico que dará a coñecer as distintas actividades que se van tratar ao longo do curso lectivo. É importante unha boa distribución deste material para que a xente coñeza as actividades e deste modo no momento de levalas a cabo xa teñan un coñecemento e interese previo que facilite a súa participación.

Carteis, folletos e marcapáxinas atoparanse nesta fase por todas as instalacións das tres universidades.

As actividades para desenvolver tales como charlas, presentacións, debates… estarían pensadas para realizar cada mes mais todo depende do que o Servizo de Normalización Lingüística teña pensado empregar ou organizar. Cómpre buscar temas interesantes e que os seus protagonistas poidan estar presentes.

Por outra banda, as proxeccións de filmes poden levarse a cabo durante todo o curso unha vez á semana, intercambiando os filmes entre as distintas facultades. É dicir, o filme que se proxecta nunha determinada facultade na semana seguinte proxéctase noutra facultade, para que os alumnos non teñan que desprazarse, e todos teñan a oportunidade de ver o filme.

Sen dúbida, os concertos terían lugar nas festas dos patróns de cada universidade, xa que nese ambiente distendido a xente é máis receptiva e agradecida coa música.

Respecto dos obradoiros de teatro e dobraxe ao galego seguirán o curso e trámites normais deste tipo de actividades.

O libro viaxeiro: a sua temporalización depende da acollida das persoas desta proposta. O obxectivo é comezar no mes de novembro e que o normal desenvolvemento da actividade indique cando acabala ou non. Nas mans dos "escritores ocasionais" está o transcorrer xa que eles van ser quen marquen o ritmo coa extensión dos seus textos. É probable que uns libros viaxeiros sexan rematados de escribir antes que outros. Se esta dinámica é boa, poderanse substituír os exemplares rematados por outros novos en blanco.

Categoría artigo xornalístico

Primeiro premio: Verónica Salgueiriño Maceira

Primeiros pasos para a erradicación da enfermidade “no colo”

As boas novas tanto tempo agardadas por fin achegáronse á nosa redacción. O novo fármaco aplicado nos últimos tempos cun principio activo baseado na participación conxunta da poboación, comezou a dar incribles resultados cara a unha futura convivencia das dúas linguas utilizadas, estableceu o Dr. Borbén no seu relatorio no sexto congreso sobre a enfermidade, xa coñecida como *“no colo”* debido a darse desa maneira o maior número de casos de transmisión.

Despois dun longo período en que a enfermidade atinxira posicións un tanto perigosas estase recuperando o terreo perdido durante tantos anos de longa escuridade provocada pola infección. Nos últimos anos apreciase unha considerable mellora, baseada, sospeitan os expertos, nun novo fármaco cun principio activo baseado na Lingüistina. A Lingüistina, que funciona grazas ao efecto catalizador da Democracina, descuberta por uns filósofos gregos na antigüidade, estabelece a libre elección dun sistema capaz de expresar e comunicar, fomentando ou instando a utilizar a lingua materna. Deste xeito, a sociedade consegue avanzar cara á superación daqueles complexos que se instauraron moito antes mais que alcanzaron os seus máximos históricos durante a Ditadura.

A pesar do amplo coñecemento que temos do *inferioridbacterium galeguis*, dos numerosos medicamentos altamente eficaces, e dos esforzos realizados para controlar a enfermidade, esta non foi erradicada e segue producindo cada ano novos casos de transmisión da enfermidade, sobre todo de pais a fillos.

Trátase dun bacilo aerobio, de crecemento lento, protexido no pasado especialmente nas grandes cidades que se estendeu ata cidades e vilas de toda a xeografía galega, transmitíndose de xeración en xeración, favorecido máis tarde polo sistema imperante da ditadura, e que seguiu transmitíndose anos despois. Sensible aos medios de normalización linguística pode ser tratado en bibliotecas, escolas e outros centros que serven ao enorgullecemento da lingua, e ao enriquecemento cultural das persoas.

As imaxes da inocencia dun neno preguntando por que mamá non lle fala como Laura, a sua profe de preescolar, captaron a atención de moitos galegos que non sabían da dimensión real da enfermidade que padece Galicia desde hai moito tempo. Os servizos de apoio á poboación galega deron así por iniciado o sexto congreso sobre a fatídica *"no colo"*, aínda que con tintes moitos máis optimistas que na pasada edición.

"No Colo"

Organo afectado: a lingua galega
Enfermidade: infecto-contaxiosa
Axente que a causa: inferioridbacterium galeguis
Bacteria: bacilo da vergoña, vergoña de falar galego, crenza dun maior estatus ao falaren castelán.
Individuos afectados: galegos das cidades, dos pobos, das vilas, galegos sen excepción poden sufrir a enfermidade.
Vías de transmisión: no pasado a enfermidade foi transmitida principalmente de profesores a alumnos, e sobre todo de cidadáns de maior poder adquisitivo e social a persoas de ámbitos máis humildes. Na actualidade case todos os casos se dan no ámbito familiar, e de aí vén o seu nome, *"no colo"*. O maior número de novos casos teñen lugar cando os cativos comezan a falar.

Categoría artigo xornalístico

Segundo premio: Isaac Lourido Hermida

A Cidade rumorosa

Transcorridos máis de vinte anos da aprobación da primeira Lei de normalización lingüística do galego, e cando fica no aire a aplicación efectiva do último Plan de normalización, tras o cambio do goberno autonómico, semella non ser un mal momento para facer balance da situación da nosa lingua. Falan os datos (sempre interpretábeis, claro está) e cala por un momento a opinión: a implantación do galego medrou substancialmente en sectores tradicionalmente hostís como o político, o escolar ou o administrativo; pola contra, a lingua perdeu falantes entre os sectores da poboación máis novos e non consegue introducirse de forma efectiva (aínda con quebrantamento das leis) en campos coma a xustiza e a ciencia.

Sen ser catastrófico, a ninguén se lle escapa que unha lingua que perde falantes, por moito que estes posúan unha competencia cada vez máis alta nesa lingua, atópase perante un horizonte chúmbeo. Cómpre, quen o dubida, tomar as medidas oportunas. E non faltan modelos no Estado español que amosen o camiño para seguir. A esixencia aos responsábeis políticos do cumprimento íntegro da Lei de normalización é unha demanda inescusábel, e que case ruboriza formular se non fose coñecida a apatía, ou mesmo a rebeldía, de boa parte da clase política galega neste campo. A violación sistemática da lei que se vén dando no ensino de forma continuada, sen se cumpriren os requisitos (excesivamente cativos, para o meu gusto) do número de aulas que deben ser impartidas en galego, constitúe un bo exemplo de situación ante a que a Xunta (e aínda os organismos encargados de velar pola saúde da lingua) ficaron inactivos nestes anos.

Mais o control e a toma de medidas que fagan efectiva o cumprimento da lei non debe ser o único reto que se asuma. É preciso dotar a lingua galega do prestixio que ordinariamente se lle outorga a outras (a miúdo, non casualmente, linguas estandartes dun estado). E este vieiro non transcorre unicamente pola súa extensión aos sectores considerados tradicionalmente prestixiosos. É certo que a aparición do galego nos ámbitos político, empresarial ou sanitario contribuiría a paliar en grande medida o grande drama da lingua nas últimas décadas: a renuncia dos nosos pais a falarnos en galego. Mais cómpre ir alén, sobordar os ámbitos que o sistema situou no centro e alcanzar a periferia: o deporte, os movementos musicais contemporáneos, as retransmisións televisivas infantís e xuvenís (nas que o traballo veu sendo aceptábel), o asociacionismo alternativo, o conxunto dos movementos sociais... son ámbitos en que se debe promocionar o emprego da lingua. E facer o que só casualmente se levou a cabo: contar cos colectivos que á marxe da oficialidade desenvolven iniciativas potencialmente importantes na difusión do galego. Non é preciso exportar un só modelo de relación dos organismos oficiais con estes colectivos, as opcións son múltiples: colaboración puntual, subvención, apoio loxístico (cesión de material e espazos, por exemplo), intermediación con outros organismos oficiais, asesoramento legal etcétera.

Asemade, de cara á elaboración dun discurso público en defensa do galego, sería proveitoso non centrar a argumentación de forma exclusiva na cuestión identitaria. Sen negar a transcendencia da lingua nesta cuestión, cómpre engadir novos puntos e matizacións a unha posición que se percibe manida. Non se debe ter medo a sinalar que o proceso de asimilación que veu padecendo Galiza e a súa lingua desde hai séculos é unha operación colonizadora de consecuencias desastrosas no ámbito económico. Deste xeito, a lingua é o símbolo último de resistencia dunha comunidade que se sente agredida, é dicir, roubada. Ese, e ningunha caste de esencia, é o motivo fundamental que xustifica a defensa da lingua.

Coñecedores da posición debilitada que as linguas minorizadas ocupan nese movemento en construción chamado eufemisticamente “globalización” (para evitar a palabra “imperialismo”), semella obvio que nos atopa-

mos perante unha tarefa colectiva. Velaí outro obxectivo: alicerzar espazos de diálogo e colaboración entre as distintas tendencias comprometidas coa defensa do galego nun ambiente de normalidade e distensión. Pouco máis de vinte anos despois da promulgación das primeiras normas ortográficas, o debate da normativa segue aínda moi vivo e non debe considerarse un asunto pechado. Superar o estado actual de cousas neste eido é unha demanda lexítima que moitos falantes agardan con ilusión, e que non pasa necesariamente polas institucións oficiais. De forma silandeira, sen polémica, veñen colaborando neste sentido as posturas de Edicións Laiovento, o xornal A Peneira ou o Festival da Poesía do Condado.

En relación con este asunto, e conducindo de novo as miñas palabras cara ao campo económico, ninguén pode negar os grandes beneficios que reportaría a Galiza o estabelecemento dunha máis estreita relación (comercial, turística, académica, deportiva, entre os medios de comunicación...) cos países da lusofonía, aproveitando a ausencia de trabas lingüísticas (se cadra, o novo escenario político europeo rema en dirección favorábel). O medo a este achegamento só pode responder a posicións ditadas desde territorio alleo, e que proveñan de partidos pouco ou nada comprometidos coa defensa do galego, é dicir, de Galiza.

Comezou este artigo botando a vista atrás e pretendeu encamiñar a esperanza cara ao futuro. É urxente para o galego estar dotado dunha lei que se faga respectar e a consecución dun prestixio que o espalle até o último recuncho da sociedade. Non é unha ilusión romántica ou étnica: é un desexo de dignidade para os galegos. Non é unha responsabilidade que debamos delegar nos organismos oficiais con competencias na materia: é unha empresa colectiva en que todos somos imprescindíbeis e en que todos temos o dereito de participar sen exclusións.

ANEXO 1

Convocatoria do **II PREMIO LUÍSA VILLALTA**
a iniciativas normalizadoras nas universidades galegas

1 Obxectivos

O Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña, o Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela e a Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo, en colaboración coa Dirección Xeral de Política Lingüística, convocan o II Premio a Iniciativas Normalizadoras cos seguintes obxectivos:

Promover a reflexión e a implicación da comunidade universitaria galega a respecto da situación da nosa lingua dentro das súas institucións e no contorno en que se desenvolven as súas actividades.

Fomentar a investigación en temas relacionados coa planificación lingüística e apoiar o desenvolvemento de iniciativas innovadoras creadas por persoas que pertencen ao ámbito universitario.

Utilizar as potencialidades técnicas e científicas e os recursos humanos existentes nas tres universidades.

2 Participantes

O concurso está dirixido a todo o alumnado de 1º, 2º e 3º ciclo de todas as facultades e escolas da Universidade da Coruña, da Universidade de Santiago de Compostela e da Universidade de Vigo, así como os seus respectivos centros adscritos, que poderá presentarse, en cada unha das dúas categorías previstas, de xeito individual, ou en equipos de até un máximo de 3 membros da comunidade universitaria.

3 Categorías

Establécense dúas modalidades de convocatoria:

A) Artigo xornalístico:

Premiaranse os tres mellores traballos que, nun formato de artigo xornalístico (entre 500 e 1000 palabras) desenvolvan un tema relacionado coa defensa e promoción da lingua galega. Os artigos que se presenten a concurso deberán contar cos trazos máis significativos do estilo xornalístico, nomeadamente:

Linguaxe xornalística.
Carácter de divulgación.
Estilo breve e directo.

B) Deseño dunha campaña de promoción da lingua galega:

Premiarase os tres traballos que desenvolvan unha iniciativa normalizadora orixinal que teña como obxectivo o fomento do uso do galego quer no ámbito universitario, quer nalgún outro grupo ou sector no conxunto da cidadanía galega.

A campaña que se propoña para o premio desenvolverá o tema seguindo unha estrutura en que deberán figurar, polo menos, os seguintes apartados:

Punto de partida onde figurar a situación do galego no ámbito en que se centrar.
Obxectivos que se perseguen.
Metodoloxía.
Actividades que se pretenden desenvolver.
Temporalización da campaña.
Persoas implicadas e persoas a que implica.
Estimación orzamentaria para o desenvolvemento da campaña.

Alén do contido e da estrutura da proposta que se presente, valoraranse con especial relevancia as posibilidades reais de se pór en práctica e a súa capacidade de incidencia social. As tres universidades comprométense a ter en conta nas súas futuras actividades a campaña que resultar gañadora. Os dereitos que derivaren do seu uso serán propiedade das institucións organizadoras.

4 Tramitación

As solicitudes presentaranse a través do rexistro xeral das tres universidades, dirixíndose ao Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña, ao Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela ou á Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo.

Para alén do sobre en que se incluirá o texto do artigo xornalístico ou da campaña de promoción do idioma, sen ningún tipo de sinatura e co nome da categoría a que se desexa concursar, deberá acrecentarse un sobre cerrado en que figurarán os datos (nome completo, facultade, centro ou escola e mais universidade a que pertence, teléfono de contacto...) da persoa ou persoas que optan ao premio.

5 Prazo de presentación

O prazo fixado para a presentación de solicitudes será até as 14:00 h. do día 3 de outubro de 2005.

6 Premios

Para alén de seren tidos en conta nas futuras actividades que se van desenvolver nas tres universidades, a contía dos premios será a seguinte:

A) Artigo xornalístico:

600 euros ao traballo gañador.
300 euros ao segundo.
150 ao terceiro clasificado.

B) Deseño dunha campaña de promoción da lingua galega:

1.000 euros ao traballo gañador.
600 euros ao segundo.
300 euros ao terceiro clasificado.

Estes premios irán con cargo á aplicación orzamentaria 9890.9995.422D.480.08 “Premios de Normalización Lingüística”.

7 Seleción

O xurado estará composto por persoas de recoñecido prestixio nos ámbitos a que se refire a convocatoria e a súa composición farase pública con antelación. Para a selección dos traballos premiados teranse en conta os seguintes criterios:

A) Artigo xornalístico:

Adecuación ao tema e ao xénero solicitado.
Clareza expositiva.
Calidade lingüística.
Contidos atractivos e orixinais.
Grao de incidencia no público receptor.

B) Deseño dunha campaña de promoción da lingua galega:

Viabilidade da idea.
Incorporación de elementos de innovación e melloras tecnolóxicas.
Multidisciplinaridade e carácter transversal do proxecto.
Novidade e orixinalidade da iniciativa.
Calidade lingüística da exposición.

8 Avaliación e fallo

A data do acto de entrega publicarase oportunamente e coa debida antelación.

O fallo do xurado será inapelable e terá lugar dentro dos 30 días seguintes á finalización do prazo de entrega de solicitudes.

O xurado resérvase a posibilidade de declarar un ou varios premios desertos.

ANEXO 2

Resolución do **II PREMIO LUÍSA VILLALTA** a iniciativas normalizadoras nas universidades galegas

O xurado do II Premio Luísa Villalta a iniciativas normalizadoras -composto por D. Luís Caparrós Esperante, presidente; D.ª Goretti Sanmartín Rei, secretaria, con voz mais sen voto; D. Agustín Fernández Paz; D.ª Isabel Vaquero Quintela e D. Xosé Ramón Freixeiro Mato-, reunido o martes, 25 de outubro de 2005, ás 12:30 horas, acorda, por unanimidade, conceder os seguintes premios:

1 Deseño dunha campaña de promoción da lingua galega

Primeiro premio
(in)fórmate

As persoas autoras deste proxecto son:
Sonia Mª Salceda Millarengo
Beatriz Vilaverde Santamariña

Segundo premio
Aprende a circular en galego

A persoa autora deste proxecto é:
Sandra Villar Giner

Terceiro premio
Os teus contos, mellor en galego

A persoa autora deste proxecto é:
Patricia Comesaña Comesaña

2 Artigo xornalístico

Primeiro premio
Primeiros pasos para a erradicación da enfermidade “no colo”

A persoa autora deste proxecto é:
Verónica Salgueiriño Maceira

Segundo premio
A cidade rumorosa

A persoa autora deste proxecto é:
Isaac Lourido Hermida

O xurado decide por unanimidade deixar deserto o terceiro premio nesta modalidade.

*

III PREMIO LUÍSA VILLALTA

a iniciativas normalizadoras nas universidades galegas

Ano 2006

Categoría artigo xornalístico

Primeiro premio: Ana Isabel Quián Roig

TDT

Vaia adianto o da televisión dixital terrestre. Mercar un decodificador TDT de oferta, corenta euros. Pagarlle ao antenista por facer o choio, trinta euros. Poder visionar máis dunha vintena de canles non ten prezo... Mellor dito, teno, e ascende aos setenta euros.

Mais tanta campaña publicitaria convencérame para investir a cantidade en cuestión e acceder así á tecnoloxía televisiva do século vinte e un.

É certo que a calidade de imaxe é superior á que ofrece a vía analóxica, aínda que ata agora nunca tivera queixa ao respecto. En canto ao son, para os meus ouvidos a diferenza é imperceptible. Entón, a pregunta é inevitable: a que se destinan os setenta euros? Obviamente os expertos dirán que ao que queda, aos contidos dispoñibles na plataforma dixital, distribuídos nas diversas cadeas: a primeira, a segunda, e o resto de canles ordinais -que moitas veces tamén ordinarias-, as temáticas (informativos, deportes, música) e as locais Telecoruña e Localia.

As características e os argumentos dos programas ofertados varían, non moito, dunha canle a outra, no entanto unha máxima permanece constante, o idioma empregado é o castelán, coa única salvidade da Televisión de Galicia.

Os setenta euros proporcionáronme a posibilidade de presenciar partidos de béisbol narrados en inglés, escoitar as novas da CNN directamente sen traducir e ata recibir consellos publicitarios sobre produtos estranxeiros en versión orixinal.

Pero que pasa cando quero sentir verbas galegas ao contemplar un encontro do Ourense, ou cando me informo dos acontecementos máis salientables ocorridos onte na miña cidade, ou simplemente vendo os anuncios das empresas da zona. Moi sinxelo, ou poño a galega ou non hai maneira.

Setenta euros menos, o triplo de canles, e só un pequeno reduto hertziano no que se fala a miña lingua. Esta é televisión do futuro, do futuro para o castelán e como moito para o inglés, porque o que é para o galego supón un novo paso na dirección do esquecemento e da omisión. Un paso que achega o noso idioma ao abismo da desaparición, xa que non é fútil que ningún operador dixital escollese o galego como vehículo de transmisión para a máis mínima sección na grella da programación.

Considero moi significativo que a televisión, o medio de comunicación de maior impacto social, obvie a existencia da nosa fala, posto que iso implica obviar a existencia de varios millóns de galegas e galegos que somos, ou de ter en conta que seguimos vivos, directamente decide que o idioma que utilizamos non é o bo dabondo para ser emitido nas súas transmisións.

Sendo ben pensados podemos razoar que para as cadeas de cobertura nacional facer desconexións locais ou rexionais implica un custo económico, polo que elixen o español como lingua común para o conxunto do Estado. Porén, que hai das locais?; por que Telecoruña e Localia tamén optan polo castelán cando van dirixidas ao público coruñés?; será que na Coruña non habitan galegas e galegos?; ou será que as galegas e os galegos da era dixital descoñecemos a nosa lingua?; ou será que hai unha actitude xeneralizada de desprezo por parte dos medios de comunicación (ollo, non só da televisión) cara á nosa fala?.

A oferta de cadeas de televisión, de emisoras de radio e de xornais non deixa de medrar, e agás casos puntuais como o da Compañía de Radio Televisión de Galicia ou O Correo Galego, a representatividade do idioma patrio é practicamente nula.

Eu, e moitos e moitas coma min, falamos en galego en todo momento, mais cando un galego que traballa nun medio de comunicación galego se dirixe aos seus veciños galegos, loxicamente, a lingua que emprega é... o castelán. Loxicamente?.

Xa me estou a arrepentir de ter desembolsados os setenta euros porque, ademais do comentado, non botan nada que pague a pena ver. Se queren un consello, cando teñan a tentación de instalar a TDT respiren fondo, saian da casa e vaian cear en boa compaña a algún sitio fermoso. Inviten vostedes e gasten os cartos á saúde da televisión do futuro.

Categoría artigo xornalístico

Segundo premio: Diego Pardo Amado

Espazos libres de galego

O prestixioso sociolingüista R. A. Hudson defende que con frecuencia utilizamos un idioma, -ou unha variante do mesmo-, coa finalidade de nos identificar co grupo social a que pertencemos ou do que desexariamos formar parte. Desta maneira, a nosa propia autoestima vaise derivar da visión do(s) grupo(s) da sociedade en que esteamos integrados. Con efecto, se os pais ensinaren os seus fillos que a maneira de eles falaren é a "correcta", entón estes han deducir que outros grupos falan menos ben, ficando a súa autoestima reforzada. Nesta altura, o lector terá reparado xa, con certeza, na particularidade de o español desempeñar o papel de lingua "correcta" na transmisión interxeracional no noso contexto lingüístico, constatándomos así unha realidade sobradamente coñecida: o idioma propio da Galiza áchase nunha situación de inferioridade e marxinación respecto da lingua oficial do Estado español. Porén, non é preciso recorrermos ás teorizacións de Hudson para comprobármonos esta situación, unha vez que é suficiente con pensar nas innúmeras dificultades que calquera galegofalante encontra cando realiza accións correntes da vida cotiá. Requirir información telefónica, consumir unha bebida nun estabelecemento público, comprar calquera produto nunca área comercial, recorrer á Administración da Xustiza, estudar en galego etc., convértense en verdadeiras fazañas.

Por seu lado, a universidade, motor de mudanzas decisivas nas sociedades avanzadas, xoga perigosamente no noso país a afianzar esta gravísima anomalía democrática. No entanto, unha parte considerabelmente significativa da comunidade universitaria galega é consciente de que Galiza posúe un marco legal que permite aos poderes e ás institucións públicas

unha maior actuación nesta materia, a pesar de a anterior administración ter violado perversamente os nosos dereitos lingüísticos. E é tamén por isto que o novo goberno debe orientar as súas políticas de modo a conseguir unha sociedade igual para homes e mulleres, sen ser a lingua que falamos causa de discriminación. Ou alguén esqueceu o caso de Montse Irago, a traballadora que denunciou ser despedida por falar galego?. Por tanto, ao goberno bipartido correspóndelle o papel de emendar as inxustizas do pasado. Temos dereito a dispormos de servizos culturais no noso idioma, a sermos atendidos en galego nos organismos públicos, a unha presenza equitativa da nosa lingua e da nosa cultura nos medios de comunicación e a un ensino en galego. As galescolas, malia a súa desafortunada denominación, son iniciativas positivas…, mais non é na hora de un goberno se encoraxar e non afastar a hipótese dunha educación plenamente en galego, e en todos os niveis educativos? Son realmente necesarios proxectos guía deste xénero, que semellan tentar descubrir se o uso do idioma é nocivo ou prexudicial para a saúde das crianzas?.

No Reino Unido, a *Devolution Act* outorga ao País de Gales unha administración e un parlamento propios, e o xefe do seu goberno recibe nada menos que o título de "primeiro ministro". Tanto a administración como todos os servizos públicos son bilingües, e o sistema educativo garante a presenza do seu idioma propio. Así mesmo, dispoñen de medios de comunicación en galés, como a canle televisiva *Sianel Pedwar Cymru*, que emite desde 1982. En definitiva, o galés é unha lingua que está a se recuperar fronte ao omnipotente inglés, mantendo os seus falantes mesmo na rexión de Inglaterra con fronteira con Gales, en Londres ou no condado de Durham.

No outro lado da medalla, o galego protagonizar unha perda continuada de falantes que indica que a lei non está a ser convenientemente aplicada. Os cada vez máis frecuentes discursos públicos que xustifican a imposición das linguas estatais fóra do seu territorio histórico, responden en Galiza a unha minoría con sentimentos hostís cara ao galego, que contrasta co desexo da maioría da sociedade galega. Ora ben, esta vontade debe ser apoiada polas nosas institucións, especialmente a universidade.

Finalmente, o proceso de mundialización en todos os ámbitos, así como o modelo economicista de crecemento patrocinado por grupos económicos transnacionais xera perigosas desigualdades tamén no ámbito lingüístico. As novas tecnoloxías, especialmente a internet, son imprescindíbeis para a normalización da lingua. A exclusión do galego neste sentido significaría restarlle o prestixio e a utilidade que cómpre recuperar, para tamén algúns reconquistaren a dose de autoestima normal de que falaba Hudson. Do contrario, non sería estraño un futuro na Galiza en que os estabelecementos dispuxesen de carteis en que se representase unha lingua saudábel coa lenda: *Espazo libre de galego. Falar galego prexudica gravemente a súa saúde e a dos que están ao seu arredor*. Se callar, os estudantes das universidades galegas vindeiras teñan de se reunir nos descansos na entrada das facultades, e mesmo falar galego baixiño, para non molestar.

Categoría artigo xornalístico

Terceiro premio: Carlos Rey Astray

Alianza de normalizacións

Paxe, traxe, garaxe e personaxe: en galego teñen xénero masculino. Desta presa de palabras, "traxe" e "personaxe" teñen moito que ver co teatro. Falemos, logo, de teatro en galego, por que non?, do papel que pode ter no camiño da normalización do galego na nosa sociedade. É ben sabido que o teatro foi un dos ámbitos recuperadores do emprego da lingua galega nos tempos do tardofranquismo e a transición política no Estado, un vieiro cultural que se cadra aínda ten algo que dicir no eido da normalización lingüística. Decidimos falar do tema cunha voz autorizada, a de Cándido Pazó, home de teatro, presidente da Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escena de Galicia, quen nos comenta que, no campo da produción e da exhibición teatrais *"o feito teatral está aceptabelmente normalizado, sobre todo en comparación co conxunto dos ámbitos de uso nos que se ten de producir a normalización lingüística, aínda que, en boa medida, esa normalización poida ser máis aparente que real"*; porén, admite que, no que atinxe aos receptores do teatro, *"a normalización lingüística, sobre todo no público mozo (e mesmo de mediana idade) nas cidades e vilas, non se está a producir cumpridamente"*. Temos un problema, entón. Podemos pensar que o avance na normalización da lingua galega pode ser un paso para a normalización da propia difusión do teatro en galego, e que, á súa vez, esta normalización do teatro pode ser importante para a propia normalización social do idioma. Mais, trabalinguas fóra, como pode o teatro contribuír á normalización lingüística? *"Temo que esa normalización xa está feita e descontada"*, reflexiona para nós C. Pazó, aínda que sen esquecer que *"a contribución á normalización lingüística do teatro depende agora de que, en xeral, a normalización lingüística lle aporte enerxía"*. Xa temos algo, pois.

Mais preguntámonos outravolta: como garantimos normalización? A eterna pregunta. Non é doado sabelo, agora que, se cadra, nos nenos está a resposta. A presenza do galego no ensino, co cumprimento da lexislación en materia lingüística, é unha potente e necesaria ferramenta, mais non a única: achegar os nenos e os adolescentes ao idioma a través dunha visión quizais máis lúdica deste pode ser así mesmo moi necesario. E aí é onde as artes escénicas poden ter algo que dicir.

O Centro Dramático Galego, os contacontos e Hamlet

A comezos deste ano 2006 presentábase a nova programación para a nova etapa do Centro Dramático Galego (CDG), tras a chegada (ben que efémera) de Ánxeles Cuña Bóveda á dirección da institución. Entre as catro montaxes previstas para a temporada, atopábase unha produción dirixida ao público infantil entre 6 e 11 anos, *A cabana de Babaiagá*, mestura de música e narración oral, no marco da estratexia do CDG de tentar captar a atención dos máis cativos, para así procurar poñer fin a unha das grandes eivas da institución desde a súa fundación en 1984: a falta de produción e programación de teatro dirixido ao público infantil (con algunha excepción, como a montaxe *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*), probabelmente unha das áreas onde o teatro público máis debería ter incidido. Disto mesmo fala con nós Álvaro Guevara, da compañía Teatro del Andamio, que imparte clases de teatro para nenos e exhibe teatro infantil na súa sala, cando se sorprende de que os responsábeis do CDG "despois de 22 anos dixeron, e se facemos teatro para nenos? Descubriron que había nenos galegos 22 anos despois!". A nova aposta da institución, se goza de continuidade, ben podería dar os seus resultados, contribuíndo a educar teatralmente un sector de poboación que pode achegar, no futuro, público potencial para o teatro do país, alén de achegar esforzos para familiarizar os máis novos co idioma, cunha visión deste máis achegada ao cotián e ao lecer. Normalizar é "facer normal", facer normal que os rapaces vexan o idioma galego como vehículo para a transmisión de historias

que atraian a súa atención. Porque se é normal para eles escoitar a *Shin Chan* ou a *Dragon Ball* en galego, por que non o había de ser acudir a unha obra de teatro no noso idioma, ou a unha actividade de narración oral, de contacontos? Os contacontos. Quizais a súa difusión en colexios, en institutos, mesmo nas universidades, poida facer moito para construír con bos alicerces unha visión máis lúdica do emprego da lingua galega, que permita aos cativos (sobre todo en ambientes urbanos e vilegos), mais tamén á mocidade e aos adultos, vivir o idioma con normalidade, fóra do uso litúrxico que se lle atribúe en ocasións. Unha visión máis vinculada ao ámbito do cotián e do coloquial, aproveitando a excelente calidade dos "conteiros" que temos no país: voces como as de Paula Carballeira, Avelino González, Quico Cadaval ou o mesmo Cándido Pazó, quen asegura que *"o seu efecto normalizador* [da narración oral] *pode ser, nestes momentos, maior que o do teatro"*, e que *"nos centros de ensino o conteiro é percibido como unha persoa simpática e verbalmente sedutora, percepción de gran valor paradigmático"*. Un bo exemplo de uso do idioma, en síntese, para os rapaces, que nos amosa un campo en que poder incidir na promoción e na visibilización do emprego da lingua galega.

Deste xeito, e no ámbito da promoción, os poderes públicos, evidentemente, teñen moito que dicir, no tocante á definición dunha política cultural que garanta unha oferta de actividades escénicas para todos os públicos. Non se pode pedir demanda sen asegurar unha oferta axeitada e estábel. Porque é posíbel achegar público ás montaxes teatrais en galego. O inusual, mais rotundo éxito de público que colleitou ao longo deste ano o espectáculo *Hamlet*, dirixido por Lino Braxe, e con Luis Tosar no papel protagonista, dános boa conta do poder de convocatoria que pode acadar o teatro feito no país, un teatro, aínda así, de proxección minoritaria e pouca visibilidade social: unha conclusión final que agardemos non se converta en futuro lema rutineiro para a lingua galega.

ANEXO 1

Convocatoria do **III PREMIO LUÍSA VILLALTA**
a iniciativas normalizadoras nas universidades galegas

1 Obxectivos

O Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña, o Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela e a Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo, en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística, convocan o III Premio a Iniciativas Normalizadoras cos seguintes obxectivos:

Promover a reflexión e a implicación da comunidade universitaria galega a respecto da situación da nosa lingua dentro das súas institucións e no contorno en que se desenvolven as súas actividades.

Fomentar a investigación en temas relacionados coa planificación lingüística e apoiar o desenvolvemento de iniciativas innovadoras creadas por persoas que pertencen ao ámbito universitario.

Utilizar as potencialidades técnicas e científicas e os recursos humanos existentes nas tres universidades.

2 Participantes

O concurso está dirixido a todo o alumnado de 1º, 2º e 3º ciclo de todas as facultades e escolas da Universidade da Coruña, da Universidade de Santiago de Compostela e da Universidade de Vigo, así como os seus respectivos centros adscritos, que poderá presentarse, en cada unha das dúas categorías previstas, de xeito individual, ou en equipos de até un máximo de 3 membros da comunidade universitaria.

3 Categorías

Establécense dúas modalidades de convocatoria:

A) Artigo xornalístico:
Premiaranse os tres mellores traballos que, nun formato de artigo xornalístico (entre 500 e 1000 palabras) desenvolvan un tema relacionado coa defensa e promoción da lingua galega. Os artigos que se presenten a concurso deberán contar cos trazos máis significativos do estilo xornalístico, nomeadamente:

Linguaxe xornalística
Carácter de divulgación
Estilo breve e directo

B) Deseño dunha campaña de promoción da lingua galega:
Premiarase os tres traballos que desenvolvan unha iniciativa normalizadora orixinal que teña como obxectivo o fomento do uso do galego quer no ámbito universitario, quer nalgún outro grupo ou sector no conxunto da cidadanía galega.

A campaña que se propoña para o premio desenvolverá o tema seguindo unha estrutura en que deberán figurar, polo menos, os seguintes apartados:

Punto de partida onde figurar a situación do galego no ámbito en que se centrar.
Obxectivos que se perseguen.
Metodoloxía.
Actividades que se pretenden desenvolver.
Temporalización da campaña.
Persoas implicadas e persoas a que implica.
Estimación orzamentaria para o desenvolvemento da campaña.

Alén do contido e da estrutura da proposta que se presente, valoraranse con especial relevancia as posibilidades reais de se pór en práctica e a súa capacidade de incidencia social. As tres universidades comprométense a ter en conta nas súas futuras actividades a campaña que resultar gañadora. Os dereitos que derivaren do seu uso serán propiedade das institucións organizadoras.

4 Tramitación

As solicitudes presentaranse a través do rexistro xeral das tres universidades, dirixíndose ao Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña, ao Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela ou á Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo.

Para alén do sobre en que se incluirá o texto do artigo xornalístico ou da campaña de promoción do idioma, sen ningún tipo de sinatura e co nome da categoría a que se desexa concursar, deberá acrecentarse un sobre cerrado en que figurarán os datos (nome completo, facultade, centro ou escola e mais universidade a que pertence, teléfono de contacto...) da persoa ou persoas que optan ao premio.

5 Prazo de presentación

O prazo fixado para a presentación de solicitudes será até as 14:00 h. do día 16 de outubro de 2006.

6 Premios

Para alén de seren tidos en conta nas futuras actividades que se van desenvolver nas tres universidades, a contía dos premios será a seguinte:

A) Artigo xornalístico:

600 euros ao traballo gañador.
300 euros ao segundo.
150 euros ao terceiro clasificado.

B) Deseño dunha campaña de promoción da lingua galega:

1000 euros ao traballo gañador.
600 euros ao segundo.
300 euros ao terceiro clasificado.

Estes premios irán con cargo á aplicación orzamentaria 9890.9995.422D.480.08 "III Premio Luísa Villalta. Conv. 06. Xunta. Normalización Lingüística".

7 Selección

O xurado estará composto por persoas de recoñecido prestixio nos ámbitos a que se refire a convocatoria e a súa composición farase pública con antelación. Para a selección dos traballos premiados teranse en conta os seguintes criterios:

A) Artigo xornalístico:

Adecuación ao tema e ao xénero solicitado.
Clareza expositiva.
Calidade lingüística.
Contidos atractivos e orixinais.
Grao de incidencia no público receptor.

B) Deseño dunha campaña de promoción da lingua galega:

Viabilidade da idea.
Incorporación de elementos de innovación e melloras tecnolóxicas.
Multidisciplinaridade e carácter transversal do proxecto.
Novidade e orixinalidade da iniciativa.
Calidade lingüística da exposición.

8 Avaliación e fallo

A data do acto de entrega publicarase oportunamente e coa debida antelación.

O fallo do xurado será inapelable e terá lugar dentro dos 30 días seguintes á finalización do prazo de entrega de solicitudes.

O xurado resérvase a posibilidade de declarar un ou varios premios desertos.

A Coruña, 5 de setembro de 2006
PD (RR do 18.07.2006)
A vicerreitora de Organización Académica,

Asdo.: Ana Dorotea Tarrío Tobar

ANEXO 2

Resolución do **III PREMIO LUÍSA VILLALTA** a iniciativas normalizadoras nas universidades galegas

O xurado do III Premio Luísa Villalta a Iniciativas Normalizadoras -composto por D. Luís Caparrós Esperante, presidente; D. Xosé Ramón Freixeiro Mato, secretario; D.ª Goretti Sanmartín Rei; D. Manuel Bermúdez Blanco; D. Henrique Costa Casas e D. Manuel Rico Verea-, reunido o luns, 30 de outubro de 2006, ás 11:00 horas, acorda, por unanimidade, conceder os seguintes premios:

1 Artigo xornalístico

Primeiro premio
TDT
A persoa autora deste artigo é Ana Isabel Quián Roig

Segundo premio
Espazos libres de galego
A persoa autora deste artigo é Diego Pardo Amado

Terceiro premio
Alianza de normalizacións
A persoa autora deste artigo é Carlos Rey Astray

2. Deseño dunha campaña de promoción da lingua galega

O xurado decide por unanimidade deixar deserto o premio nesta modalidade.

Asdo:
Luís Caparrós Esperante

Asdo:
Xosé Ramón Freixeiro Mato

*

PREMIO LUÍSA VILLALTA

a iniciativas normalizadoras nas universidades galegas

A Coruña, novembro 2006